



8M 2026



O PODER DAS MULLERES

**PODER QUE
CONSTRÚE**

O 8 de marzo é o día en que as mulleres de todo o mundo xuntamos as nosas voces para felicitarmonos polos logros acadados e reivindicarmos con enerxía que **os dereitos das mulleres non teñen fronteiras e non son negociables.**

O feminismo de CCOO é internacionalista e por iso reivindicamos os dereitos e o poder de todas as mulleres do mundo, todos os días do ano. Porque nosotras somos as que sostemos a vida, as que coidamos, as que producimos, as que investigamos, as que ensinamos, as que construímos, as que transformamos. E facémolo con poder: o poder da palabra, da unidade, da conciencia, da loita, do sindicalismo feminista, da organización e da negociación colectiva.

As sindicalistas de CCOO alzamos a voz para reivindicar o poder das mulleres como un poder transformador, un poder que cambia as condicións laborais, os modelos familiares, os centros de traballo, as relacións sociais e institucións e a sociedade enteira.

Ese poder das mulleres é o que muda as cousas e resiste ante o avance reaccionario. O poder das mulleres álzase fronte ao poder coercitivo dos que pretenden retroceder impondo sen vergonza o seu programa autoritario. Unhas dereitas que atacan o feminismo porque saben que aí está o seu dique de contención. Fronte ao seu odio, a nosa alegría. Fronte á súa destrución, a nosa forza construtiva. Porque non imos dar un paso atrás e imos seguir decidindo sobre os nosos corpos, o noso tempo e os nosos empregos e traballo e, en definitiva, sobre as nosas vidas.

Desde CCOO reivindicamos ese poder das mulleres, das maiores que abriron camiño e das mozas que o seguen abrindo, para enfrontárense colectivamente e en sororidade ao medo e construíren redes de apoio onde antes había silencio. **Das precarias, as migrantes, as traballadoras de todos os sectores,** as que pelexan por subsistir na economía somerxida, as que non están no emprego porque se ven obrigadas a coidar, as nais e as non nais, as avoas... As mulleres temos o poder de sacar adiante as familias, defender a igualdade nos centros de traballo, abrir paso a novas xeracións libres de violencia e de desigualdade.

Desde CCOO apostamos por ese poder exercido cun estilo propio e doutras formas. Ese é o poder que a nosa sociedade necesita para conseguir unha democracia plena onde exista a igualdade efectiva entre mulleres e homes e se dea cabo das fendas salariais, a violencia de xénero e a violencia sexual, o acoso, a precariedade que castiga as mulleres e invisibiliza os coidados... Tecendo de modo construtivo propostas de melloras para as vidas de todas e todos e, sobre todo, das persoas máis vulnerables.

Fronte ás múltiples desigualdades e as violencias machistas, desde CCOO respondemos construíndo acción sindical, con propostas e protocolos (entre eles os protocolos de acoso sexual e por razón de sexo e os protocolos fronte á LGTBIfobia) con negociación de convenios, acordos e plans de igualdade e con mobilización.

As sindicalistas somos parte esencial do mundo do traballo, do movemento sindical e da defensa dos dereitos laborais e sociais. O noso poder nace da organización, a unión, o traballo cotián desde o feminismo sindical e a loita colectiva.

As mulleres somos motor de cambio social e esiximos políticas públicas que garantan condicións dignas para todas as traballadoras (porque todas o somos) e políticas laborais para todas as empregadas que aseguren emprego estable, salarios xustos, plans de igualdade efectivos, protección fronte ao acoso sexual e por razón de sexo; e unha organización social dos coidados que deixe de recaer maioritariamente sobre nosotras.

Este 8 de marzo tomamos as rúas para recordar que o poder das mulleres está en marcha en todos os espazos e que seguiremos ocupando todos e cada un dos recunchos que tamén nos pertencen e nos foron negados ata acabarmos coas desigualdades, violencias e exclusións, empezando por unírnos a outras mulleres nas manifestacións e concentracións que convoque o movemento feminista no Estado español, ás que animamos a asistir a toda a nosa afiliación.

#8M2026

#FeminismoSindical

#PoderDasMulleres

#PoderQueConstrúe

